

Acta da sesión do Tribunal Cualificador para a selección do Equipo Técnico, de acordo coas Bases e a convocatoria do Obradoiro de Emprego “Cambados Emprendedor II”, para persoas mozas incluídas no Ficheiro Nacional de Garantía Xuvenil.

Expediente 3201/2020

En Cambados, o día **9 de novembro de 2020**, ás doce horas e trinta minutos, no Salón de Plenos do Concello, reúnen-se os seguintes membros do Tribunal Cualificador encargado da selección:

- Presidenta: Dna. María J. Parada Portas (Técnica de Persoal).
- Vogal: D. José Ramón García Guinarte (Xerente da Mancomunidade do Salnés).
- Técnica Asesora: D.ª Eva María Aragunde Chaves (Orientadora Laboral).
- Secretaria: Dna. María del Mar Mondragón Treviño (Oficial de Administración).

O motivo da convocatoria é o de proceder á avaliación da documentación aportada pola candidata D^ª. Vanesa Ramallo Sueiro unha vez finalizado o prazo de subsanación e consonte á Base novena do proceso selectivo co seguinte resultado:

Docente Módulo dinamización actividades tempo libre/dirección e coordinación actividades tempo libre.

NÚMERO	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	CARBALLA ROSALES MARÍA JOSÉ	6,76
2	DOCE OUBIÑA ANA MARÍA	0,44
3	DOMÍNGUEZ GARCÍA ESTEFANÍA	2,69
4	RAMALLO SUEIRO VANESA	5,57

En cumprimento do disposto na Base novena do proceso selectivo o Tribunal Cualificador,

RESOLVE:

1.- Declarar aprobada e propoñer a contratación como Docente do Módulo de **dinamización actividades tempo libre/dirección e coordinación actividades tempo libre** a:

M. José Carballa Rosales.



2.. Requirir a aspirante proposta (no caso de que non obren xa na Administración) para a presentación dos documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria o **martes 19 de novembro ás 10.00 horas.**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- | |
|---|
| 1) Fotocopia tarxeta da Seguridade Social. |
| 2) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. |
| 3) Certificado de titularidade da conta bancaria. |
| 4) Aceptación da praza segundo modelo anexo ás bases. |

3.No caso de que a aspirantes proposta renunciase ao posto de traballo, non aporten a documentación requirida ou ben non cumpran cos requisitos para o acceso ao posto poderase formular nova proposta a favor do/a aspirante que lle siga na orde de puntuación que quedarán en lista de espera a estes efectos.

4.Ordenar a publicación da presente acta nos Taboleiros de Edictos do Concello.

Levántase a sesión ás doce horas e corenta e sete minutos, de todo o cal e como Secretaria do Tribunal dou fe.

(Asinado dixitalmente)

